



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1º.-

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación dos distintos nomeamentos honoríficos destinados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 2º.-

Tódalas distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífica sen que dean lugar a ningún tipo de dereito administrativo ou de carácter económico.

Artigo 3º.-

Ningún distintivo honorífico nin nomeamento poderá outorgarse a persoas que desempeñen altos cargos na administración e respecto dos que a Corporación estea en relación de función ou servicio pola toma de decisións de transcendencia para o Concello.

CAPÍTULO II

Honores e distincións do Concello

Artigo 4º.-

Crease a medalla "M-B" nas categorías de ouro e prata. Está destinada a premiar méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións nos diferentes campos da vida cultural e social.

Artigo 5º.-

A medalla terá as seguintes características:

Anverso : O escudo do Concello.

Reverso : As iniciais "M-B" do nome do Concello, que poderán ser precedidas pola grafía "premio/s" e a indicación do ano.

Artigo 6º

O Pleno da Corporación poderá conceder os seguintes nomeamentos:

Fillo Predilecto.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Fillo Adoptivo.
Membro Honorífico da Corporación.

Artigo 7º.-

1. A concesión do título de fillo predilecto so poderá recaer en persoas nadas no Concello que destacasen de forma extraordinaria por cualidades ou méritos persoais que alcanzaran pública consideración.
2. A concesión do título de fillo adoptivo poderá outorgarse a persoas non nadas no Concello que reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.
3. Ámbalas distincións teñen igual categoría. Terán carácter vitalicio e poderán ser concedidos a título póstumo.

Artigo 8º.-

O nomeamento de membro honorífico da Corporación poderá ser outorgado a personalidades ben coma mostra da consideración que merece, ben en correspondencia a distincións análogas concedidas a Corporación ou a autoridades municipais deste Concello.

Artigo 9º.-

As persoas as que se lle conceda o nomeamento de membro honorífico da Corporación non terán ningunha facultade para intervir no goberno ou administración municipal. Nos actos oficiais ocuparan o lugar preferente que a Corporación municipal lles asigne.

Artigo 10º.-

Créase o título de "cronista maior da Vila" destinado a premiar e recoñecer a aquelas persoas ou Entidades que se destacaran pola súa labor de dar a coñecer e difundir a realidade do Concello ou de transmitir e informar dos eventos e acontecementos de interese xeral sucedidos neste.

Artigo 11º.-

O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada o Concello, recoñecendo así especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 12º.-

Os distintos nomeamentos outorgaranse previo procedemento que se iniciara por Resolución da Alcaldía, ben a iniciativa propia ou ben a requirimento da terceira parte dos



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

membros que integran a Corporación Municipal, ou a petición razoada de entidades locais de recoñecido prestixio.

Na Resolución de iniciación nomearase instructor e secretario para tramita-lo expediente.

Artigo 13º.-

O instructor do procedemento ordenará a práctica das probas e actuacións que conduzan a precisión dos méritos do proposto. Farán constar as dilixencias practicadas, tanto se favorecen como se prexudican a proposta inicial.

Artigo 14º.-

Finalizadas as actuacións que serán realizadas no prazo máximo de dous meses, o instructor formulará proposta de resolución, que, tralos oportunos trámites, someterase o Pleno da Corporación.

Será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta legal de membros da Corporación para a validez do acordo que se adopte outorgando os distintivos ou nomeamentos.

Artigo 15º.-

A concesión de distincións e nomeamentos farase no Salón de Sesiões do Concello, coa asistencia do Pleno da Corporación e das autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias do caso.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integramente no BOP.

Aprobado polo Pleno do Concello o 24 de marzo de 1997.

Publicado no B.O.P. nº 75 de 21 de abril de 1997.